Outro pasiño máis.

Vitoria da ADR Numancia de Ares fronte o CF San Sadurniño por 1 a 6 no encontro correspondente a 12ª xornada da 1ª Autonómica no seu grupo 4º. O partido disputado na mañá do sábado no Municipal de Moeche rematou os primeiros 45 minutos con vantaxe visitante por 1 a 2.

Moeche, 21 de febreiro de 2015.

Aliñacións:

CF San Sadurniño: Yuste (Miguel), Senra, David (Iván), Alex (C), Yeray, Miguel, Gabri, Manu, Rubio, Martín (Rubén) e Peli (Fran).

Adestrador: Óscar Meilán Gómez

Delegado: Ramón Aboal Fernández

ADR Numancia de Ares: Roberto (Kike), José M. (Pablo Cartelle), Darío, Óscar (Miguelín), Nico, Ángel, Iván (C), Carlos (Rolo), Miguelito (Miguel), Martín e Marcelo.

Adestrador: Alejandro González Domínguez

Delegado: José Antonio Couce Iglesias

Árbitro: D. Daniel Barrera Lourido, amosou cartón amarelo ó xogador local Rubio.

Goles: Alex para os locais e Carlos (2), Rolo (2), Ángel e Marcelo para os visitantes.

1:0 [17’] **Alex**: Saque de porta visitante que queda curto. O balón é gañado por Alex quen cruza ante Roberto.

1:1 [42’] **Carlos**: Falta favorable ó Numancia en medio campo preto da banda dereita. O balón vai cara ó pico da área na esquerda para Iván. O xogador aresán entra na área ata a liña de fondo e asiste sobre a entrada de Carlos dende atrás, anotando este último o tanto do empate.

1:2 [43’] **Ángel**: Iván dende medio campo asiste á dereita para a entrada de Ángel dende a banda. O xogador aresán entra na área e bate ó meta local polo primeiro pau.

1:3 [52’] **Marcelo**: Apertura de Carlos a banda esquerda para a entrada de Marcelo. Marcelo entra ata o pico da área pequena e tenta poñer un centro que sae rebotado entre porteiro e defensor para finalizar dentro da rede.

1:4 [67’] **Carlos**: Entrada de Ángel pola dereita con asistencia a Carlos quen chegando dende atrás bate ó meta local.

1:5 [88’] **Rolo**: Pase en profundidade de Martín a Rolo por banda dereita. Rolo encara a meta rival e resolve ante o seu marcador e o porteiro de disparo cruzado.

1:6 [89’] **Rolo**: Entrada de Ángel por banda esquerda con pase ó pico da área contrario sobre a entrada de Rolo dende a dereita. Novamente Rolo resolve de forte disparo batendo o meta local.

Primeiro partido da segunda volta do grupo 4º da 1ª autonómica disputado en Moeche entre o San Sadurniño e o Numancia. O terreo de herba natural estaba algo pesado sobre todo por a banda preto da grada.

O conxunto aresán saíu algo durmido e parecía non adaptarse ó estado do céspede. Algunhas imprecisións iniciais e unha desafortunada xogada puxeron ós locais por diante no marcador.

Os visitantes tardaron en reaccionar pero cara o tramo final da primeira metade xeraron perigo pero sen acertar coa a meta local. As ocasións máis claras foron por partida dobre para MIguelito e Ángel. Pero a falta de puntería e as boas intervencións do meta local impedían o gol aresán.

Ata os últimos cinco minutos non chegaría o acerto numantino. Os continuos ataques visitantes terían premio con dous goles case seguidos, Carlos e Ángel salvarían o resultado nesta primeira metade facendo máis tranquilo o descanso para os de Ares.

A segunda metade sería unha continuidade do remate da primeira. Os visitantes máis intensos e centrados conseguían xogar máis e xerar ocasións sen deixar opcións ós locais. Pouco a pouco foron chegando os goles. O terceiro con fortuna nos rexeites e o cuarto nunha boa asistencia de Ángel a Carlos.

Os de San Sadurniño baixaron os brazos e ó final sería Rolo quen poría os dous últimos tantos en dúas boas finalizacións persoais deixando un resultado amplo nun encontro que ata cinco minutos do remate do primeiro tempo tiñan perdido os visitantes.

Con este resultado e o descanso nesta xornada do Portuarios, o Numancia toma o liderado da competición dando outro pasiño máis nesta liga, e deberá defendelo na vindeira xornada na Gándara de Ferrol ante a E.F. do Ensanche, conxunto que na primeira volta arrincou un empate de Prados Vellos.

** Resultados , clasificación e actas da xornada pulsando neste enlace**